



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 04/07/2009.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiro ausente:

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día catro de xullo de dous mil nove, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de maio do presente ano dous mil nove. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes na sesión, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Dase conta da Resolución da Alcaldía de data do 31 de marzo pasado, pola que se aproba a liquidación do orzamento do Concello para 2008, cos datos económicos que xa coñecen os Sres. Concelleiros, porque xa foi dictaminada favorablemente a Conta Xeral



correspondente a ese exercicio económico pola Comisión Informativa competente deste Concello.

Os concelleiros presentes quedan enterados e conformes co contido desa Resolución.

TERCEIRO. ACORDOS SOBRE FICHEIROS DE DATOS PERSOAIS.

Dase conta do traballo realizado pola empresa RB Soluciones, contratada para a actualización e posta ó día dos ficheiros de datos de carácter persoal sometidos ó establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro. Tratábase da modificación dos ficheiros xa existentes neste Concello desde o ano 2006 e creación doutros novos, así como a proposta de novos documentos de xestión e protocolos de actuación para o mellor cumprimento do establecido legalmente. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do pasado día 11 de xuño xa dictaminou favorablemente a adopción do presente acordo, como tamén fixo a Comisión Informativa competente deste Concello. Obra no expediente a relación completa dos ficheiros que se consideran necesarios, cos datos precisos para a súa identificación e correcto funcionamento.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros, acorda:

1º.- A supresión, creación e modificación de ficheiros de datos de carácter persoal, segundo o indicado no expediente, e ordear que se formule solicitude da súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

2º.- Ordear a publicación de anuncio referido ó presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ós efectos oportunos.

3º.- Ordear a comunicación do contido do presente acordo á Axencia Española de Protección de Datos coa brevidade posible.

CUARTO. ACORDOS RELATIVOS A INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR SOBRE ASTANO.

Dase conta da proposta de acordo relativa a esta iniciativa, debatida e consensuada nunha xuntanza xa celebrada polos portavoces dos grupos políticos municipais, e do contido dos acordos a adoptar. O asunto foi tamén dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Apoiar directamente a Iniciativa Legislativa Popular sobre o fomento do sector naval en Galicia formulada pola Comisión Promotora da presente proposta.

2º.- Difundir polos nosos medios: bandos, web, etc. A Iniciativa Legislativa Popular, así como a recollida de sinaturas no termo municipal.

3º.- Facilitar a Rumbo 21 a recollida de sinaturas nos edificios municipais.

4º.- Darlle conta destes acordos á Mesa do Parlamento Galego, á plataforma Rumbo 21 e a todo o movemento asociativo de Ferrol.



QUINTO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Bedoya comeza preguntando se o Concello está a atender as denuncias que se formulan por veciños en relación coas distancias mínimas que as plantacións forestais deben manter respecto a outras propiedades próximas, porque hai algún veciño que xa denunciou varias veces. O Sr. Alcalde resposta que así é, dentro dos limitados medios de que dispón o Concello, e que será preciso aprobar unha nova Ordenanza que regule a forma de xestionar a execución subsidiaria para os casos nos que se precise.

Segue a preguntar o Sr. Bedoya se se fixo algo en relación co Plan Xeral desde a última vez que se formulou esta mesma pregunta, no anterior pleno ordinario.

O Sr. Alcalde resposta que se continúa a tramitación da modificación puntual das vixentes Normas Subsidiarias, necesaria para levar adiante o proxecto do parque empresarial e que deberá pasar seguidamente ó Plan Xeral para continuar coa súa elaboración, engadindo que non é o Concello quen controla os tempos de tramitación neste momento.

A seguinte pregunta do Sr. Bedoya refírese ás razóns do cambio na composición da Xunta de Goberno Local, que agora conta con outro membro máis, o Sr. Soto.

O Sr. Alcalde resposta que considerou importante a presenza nese órgano de goberno, que participa de maneira destacada na xestión económica, do Concelleiro de Facenda.

Pregunta tamén o Sr. Bedoya, en relación coa información publicada na prensa sobre unha posible contaminación no río Castro, qué se fixo polo Concello, e se se vai denunciar ó Alcalde como foi denunciado el mesmo cando exercía ese cargo.

O Sr. Alcalde resposta que el mesmo e o Concelleiro Sr. Varela foron ese día ó río xunto coa Garda Civil e persoal da Consellería de medio ambiente, que é quen ten competencias na materia, e comunicaron o asunto á prensa.

O Sr. Bedoya pregunta novamente se o grupo de goberno entende que mirando o vertido se arranja algo, e se finalmente entenden que pouco se pode facer desde o Concello.

O Sr. Varela di que non é certo que se presentase denuncia algunha contra o Sr. Bedoya cando era Alcalde.

O Sr. Díaz pregunta pola cuberta da área recreativa de Monte, que aínda está sen reparar, respostándosele polo Sr. Alcalde que se fará próximamente, e que xa se miraron os materiais necesarios.

Tamén o Sr. Díaz pregunta pola limpeza das marxes das pistas municipais, das que últimamente so se limpa o pasillo central, sen desbrozar suficientemente as cunetas.

O Sr. Alcalde resposta que se fará a limpeza completa coa rapidez posible, e que xa hai un convenio asinado coa Xunta para estes desbroces, pero que co tempo que está a facer últimamente, e a pesar de contar con dous tractores, é moi difícil manter a enorme rede viaria municipal sempre limpa e en condicións.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,